Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Fontiña do Pasatempo

Remexendo nas hemerotecas dixitais atopo unha curiosa variante da lenda que narra a retención da esposa mariscal Pardo de Cela cando regresaba co perdón real que evitaría a execución do seu esposo na Praza Maior Mondoñedo.

Na versión popular máis coñecida cóntase que o suceso tivo lugar o 17 de decembro de 1483 no barrio d Muíños, Ponte de Ruzos, sobre o río Valiñadares. Alí uns enviados do bispo, talvez cóengos, entreteñen a Isal de Castro o tempo suficiente para que o indulto non chegue a destino antes de decapitar ao seu marido, o míti Pedro Pardo de Cela. A recente descuberta do seu testamento adiantaría a data da súa execución ao 3 de outub do mesmo ano.


CUENTOS DE "EL PAIS,,

La fuente del crimen

O luns, 8 de outubro de 1906, Telmo de Castro asinaba un artigo en El Pais, páxina 4, sección Cuentos de '

País', co título "La fuente del crimen". Conta en primeira persoa como en certa ocasión, baixando de a cabalo Lindín a Mondoñedo e esgarecendo coa sede, pregunta por unha fonte. O guía que o acompañaba díxolle q estaban a poucos pasos dunha, chamada Fontiña do Pasatempo. A curiosidade do viaxeiro polo nome da fonte tamén a urxencia de matar a sede fixeron o resto.

En chegando á fonte, á fresca sombra de copudos castiñeiros, despois de beberen homes e cabalos, o gu narroulle con detalle o que alí sucedera.

Púxoo en antecedentes sobre a rebelión dos Irmandiños, dos que considera cabeza a Pardo de Cela, contra o poc opresor dos Reis Católicos. Vencido e preso o mariscal, grazas á traizón dos seus é conducido a Mondoñec Mentres o proceso se dilata, a súa muller, que aquí se chama Teodomira, vai pedir clemencia á corte caste Conseguido o perdón, regresa a Mondoñedo co seu séquito, "ao amencer dun día nebuloso e triste".

Mentres, todo Mondoñedo está cercado por soldados. Na praza xa está listo o "fatídico tablado" con un tallo lis para unha decapitación, o que era indicativo de que o reo era un gran señor pois do contrario sería aforcado cor era costume.

Segundo o relato, coinciden no tempo a saída do cortexo co aposto mariscal camiño do taboado e no alto Lindín a lucida cohorte que acompañaba a Teodomira. Alguén arría unha bandeira negra nunha das torres catedral.

Ao decatarse da chegada da dama, unha avanzada de vinte xinetes sáelle ao camiño, coincidindo ambas comitiv xunto á fonte. A dama, que voaba "sobre unha egua de finos remos e xigantesca alzada", vese obrigada a deter pois o que manda a cabalaría así llo ordena. Cóntalle que xa chega tarde, que a cabeza do seu home xa e separada do corpo, e aínda lle aconsella que se afaste en dirección á fortaleza do Valadouro para non darlle gusto aos seus inimigos de vela chorar.

Teodomira desmaiase pero axiña que se repón decide ir a Mondoñedo e abrazar o corpo do seu marido. E a diante a autoridade sagrada, enténdase o bispo, di: "A traizón vencéstelo e a traizón matástelo; que non vos perd Deus ata que eu vos perdoe".

Se cadra esa Fontiña do Pasatempo aínda existe e vén sendo a que hai, calzada abaixo, deixando atrás a casa Castellano de Lindín.

El Pais (1887-1921) foi un xornal popular, moi lido e difundido. Anticlerical, órgano do Partido Republica Progresista, dirixido nalgunha época por Lerroux e no que colaboraron, entre outros, Azorín, Curros, Valle Incl Baroja, Unamuno, Blasco Ibáñez, Galdós, Machado, Ortega e Rubén Darío.

© A**ntonio Reigosa**

COMENTARIOS ENVIADOS

Bem interessante. Suponho que o de Teodomira tem a ver com o romance da Frouseira "A mim chamam Todomira"...

Enviado por LuisFoz o 18/03/2019 ás 12:20:3